

**ACTA**

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
PLN/2021/09	O Pleno

<b>DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN</b>	
<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	26 de AGOSTO de 2021
<b>Duración</b>	Desde as 21:00 ata 22:05 horas
<b>Lugar</b>	SALÓN DE PLENOS
<b>Presidida por</b>	MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ
<b>Secretario</b>	MINIA ASTRAY BARCA

<b>ASISTENCIA Á SESIÓN</b>		
<b>DNI</b>	<b>Nome e Apelidos</b>	<b>Asiste</b>
45845184C	ALBA QUINTELA VILARIÑO	SI
78799331C	ALBINO GARCÍA TRILLO	SI
78797031C	ANDRÉS CASTRO ABELLEIRA	SI
45961024D	ANXO NÚÑEZ FERNÁNDEZ	SI
44817796L	DANIEL RODRÍGUEZ GANDARA	SI
79327861X	JOSE MANUEL RAMOS CAAMAÑO	SI
33265012C	JOSÉ ANTONIO CAAMAÑO LESTÓN	SI
33253117Q	JUANA LAGO PROL	SI
78789855C	MANUELA BARCIA VÁZQUEZ	NON
33260032P	MARÍA BEATRIZ MOLINOS VIDAL	SI
33290705E	MARÍA JOSÉ SUÁREZ CASTRO	SI
44842747S	RAQUEL GARCÍA BARREIRO	SI
76518187Q	TOMÁS GOSENDE CAMBEIRO	SI




Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

## A) PARTE RESOLUTIVA

### 1.- Aprobación da acta da sesión anterior

#### Favorable

#### Tipo de votación

Con respecto á aprobación da sesión ordinaria celebrada o 24.06.2021, toma a palabra o voceiro do Partido Socialista para indicar que con respecto a súa intervención na moción do Partido Socialista onde na intervención da moción se transcribe “tirar catro paredes e outras cousas custa 48.000€ e que despois de dispoñer de 400.00€ para arranxo de pistas do monte en distintas dígame vostede que para arranxar o chan e catro paredes é moito” debe constar “tirar catro paredes e outras cousas custa 48.000€ e que despois de dispoñer de 400.000€ para arranxo de pistas do monte en distintas dígame vostede que para arranxar o chan e catro paredes é moito, nos montes non hai cativos, non lle poña prezo ao benestar dos nosos veciños”.

Tras a corrección procédese á votación da acta da sesión celebrada o 24.06.2021 que se aproba por unanimidade.

### 2. Expediente 714/2021. Modificación de Créditos.

#### Favorable

#### Tipo de votación

#### DEBATE

Toma a palabra o Sr. González para expoñer a proposta de acordo relativo ao expediente 714/2021 de modificación de crédito, trátase dun crédito extraordinario con cargo ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais para o que se pretenden tres actuacións e para o que habilitamos crédito para esas tres actuacións que son as que se plasman e expón as diferentes actuacións



que se pretenden realizar sobre as mesmas e as vantaxes que terán:

Saneamento. Investimento novo en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral	48.400,00€
Iluminación pública. Maquinaria, instalacións técnicas e utillaxe	46.856,78€
Pavimentación de vías públicas. Investimentos de reposición de infraestruturas e bens destinados ao uso xeral	48.328,01€

Toma a palabra a voceira do BNG para presentar a enmenda á proposta anteriormente presentada e a continuación o Sr. González indica o procedemento a seguir tras a presentación da mesma consultado coa Secretaria.

Presenta a enmenda a voceira do BNG a Sra. Suárez, enmenda parcial co seguinte contido:

No que presentan a enmenda parcial ao acordo salvando única e exclusivamente o soterramento do cableado da Rúa da Capela posto, indica a Sr. Suárez, que entendemos que os outros dous deben ser incluídos no POS, a nosa maneira de entender polo que non vemos a urxencia.

O Sr. Alcalde aclara cales son os puntos que se eliminan segundo a enmenda e que se procede á votación da inclusión da enmenda.

Fanse as aclaracións pertinentes por parte da Secretaria.

Solicítase un recesso por parte dos membros do Pleno da Corporación.

### **DEBATE INTRODUCCIÓN ENMENDA**

Toma a palabra a voceira do PP a Sra. Molinos que expón que en canto a enmenda do BNG queremos propoñer unha cousa. Entendemos que son actuacións que poderían estar incluídas noutros plans de obras pero que neste caso son dúas actuacións distintas, una delas que é o saneamento de Ousesende pensamos que non debería demorarse ao POS posto que vai a facerse esa obra a primeira fase e consideramos que as dúas obras teñen que ser un conxunto, tanto a que estaba proxectada na actualidade e a que propón o grupo de Goberno. Todo isto por efectividade construtiva e porque pensamos que é una mesma obra e non dúas distintas. En canto á Rúa da Capela entendemos que si que pode esperar e que debería agardar a outro plan de obras. Se o BNG está de acordo en modificar a súa enmenda no sentido de que se exclúa a Rúa da Capela e non o Saneamento pois apoiaríamos a súa enmenda se non fose así non



apoiaríamos a mesma.

Toma a palabra o voceiro do Partido Socialista o Sr. Caamaño que indica que neste caso coincide co PP porque sabendo que para o Partido Socialista o saneamento é un dos principais problemas que ten o noso Concello, e indica que xa fixemos unha moción conxunta sobre o tema do saneamento. Neste caso estou de acordo co que solicita o PP.

Toma a palabra o Sr. González que indica que non están de acordo coa enmenda do BNG, xa que, implica un retraso importante á hora de completar a humanización da Rúa da Capela e o que podería estar en dous meses non sabemos cando vai a estar. A nós parécenos que se cando se presentou esta obra o escenario financeiro era un agora temos o que temos podemos ter a altura de outubro/novembro rematada a actuación por completo do tramo total da Rúa da Capela e temos a posibilidade de facelo. Igual que sucede co saneamento. Vostedes están no seu dereito de enmenda pero non nos parece adecuado, polas mesmas razóns, nin no caso do saneamento nin no caso da ampliación da Rúa da Capela. Polo tanto, nós mantemos a proposta tal como a presentamos.

Toma a palabra a Sra. Suárez que indica que en canto á Humanización da Rúa da Capela indica que iso vai a significar un retraso duns meses o non aprobala hoxe e que entón, porque decidiron facela por fases? Decidírono para ter un rasquizo legal e poder facelo con contratos menores. O uso dos remanentes que están para un bo uso e solución aos veciños, efectivamente, pero vostede o que nos ven a plantexar outra vez é unha obra incompleta porque non chega ao final da rúa. Chega ao cruce e deixa un tramo sen que rematara non sabemos con que xustificación coa que o fai, porque discrimina uns metros da rúa. Con esta enmenda o que pensamos que debería facer é unha proposta seria para o núcleo da Praza do Bosque ata a piscina, e presentar unha medida seria e máis ambiciosa. Preséntenos un proxecto completo para esta rúa e insistimos que debería incluírse no POS.

Con respecto ao saneamento ven a ser o mesmo, cando chegamos a este Concello nós unha das cousas que tiñamos claras e que non íamos a ser cómplices das chapuzas e dos falsos saneamentos que hai neste Concello. Foi vostede quen lle recriminou ao PP que mentían cada vez que aseguraban que o 95% estaba saneado, dixo vostede a verdade. Non está saneado, temos tubos de saneamento pero faltan edares e que eses tubos están conectados ás depuradoras. Vostede pretende seguir coas mesmas políticas que antes criticaba.



Toma a palabra o Sr. González para indicarlle á Sra. Suárez que neste momento ten que posicionarse sobre si acepta o establecido, xa que indica que está entrando en puntos que non proceden agora mesmo que deben ser na posterior intervención. E indica que teñen que decidir sobre a proposta.

O BNG solicita un receso de 2 minutos.

Toma a palabra a Sra. Suárez que indica que o BNG acepta os termos que incorpora o PP á espera de que o grupo de Goberno entregue o Plan de saneamento do cal levamos dous anos esperando por el.

Vótase a introdución da enmenda nos seguintes termos **“Eliminación da partida coa seguinte descrición e importe:** “Ampliación da Humanización da Rúa da Capela (Outes) (Memoria)” porvalor de 48.328,01 €. Polo que, unha vez retirada a partida, o total de créditos finais en aplicacións de gastos quedará nun total de 95.256,78 €.O estado de ingresos procedentes de “Remanente líquido de tesouraría para gastos xerais” pasará a sumar un total de 95.256,78 €”.

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 5 votos en contra

PP: 5 votos a favor

BNG: 2 votos a favor

GRUPO MIXTO-PSOE: 1 abstención.

Queda aprobada a introdución da enmenda polo que se procede ao debate da proposta de acordo coa inclusión da enmenda.

#### DEBATE

Toma a palabra a Sra. Molinos que indica que o PP que destaca que dúas das tres actuacións que se van a ser propostas e intervidas polo noso partido, unha vez incluída a enmenda son as dúas. O soterramento do cableado da Rúa da Capela ven derivado dunha moción presentada polo grupo PP no mes de marzo. Chámolle así porque a Humanización non incluía a mesma e no seu proxecto os cables ían ir polos edificios e non existir ese soterramento, cos inconvenientes que supón para os veciños e tamén afeando a rúa. En canto a ampliación do saneamento proxectado de Ousesende tamén forma parte dunha moción presentada polo PP no Pleno de outubro de 2019 e ao igual que a que



nomeabamos anteriormente, un compromiso plenario ao que vostedes deberían darlle saída e que cremos que é unha parte moi importante. Quería facer referencia a que inclusión no mesmo expediente de modificación de crédito de tres actuacións independentes cremos que sería máis fácil e máis efectivo que cada unha das actuacións formaran parte de expedientes distintos. Anuncia que non se van opoñer a aprobación deste expediente pero consideran que parte delas son extemporáneas.

Toma a palabra a voceira do BNG a Sra. Suárez que comeza indicando que sería importante que os puntos apareceran de forma independente así facilitaría o posicionamento desta Corporación e non ter que presentar enmendas. Con respecto á Rúa da Capela como xa expuxemos é unha rúa que para nós nunca se debeu acometer por fases senón de xeito completo. Para nós a rúa tiña que ter unha continuidade na súa pavimentación e se non era necesario substituír as tubaxes non substituílas. Aínda así vostedes decidiron faseala e agora preséntanos unha ampliación de crédito, pero o xeito de actuar ven a ser o mesmo porque deixa a rúa sen rematar discriminando a uns edificios, non o entendemos. Esixímoslle que faga un proxecto global para rematar esta rúa e deste xeito nós non teremos ningún problema en que sexa aprobado como facemos sempre.

En canto o tema do saneamento en Ousesende está comprometida con augas de Galicia a EDAR e vostede non sabe darnos data pero vostede quere seguir poñendo tubaxes. Está claro que imos confiar na súa palabra con respecto á EDAR e, polo tanto, se hai obras pasarán os tubaxes para o saneamento destes lugares. En canto ao soterramento do cableado é algo que sempre estivemos a favor.

Toma a palabra o voceiro do Partido Socialista o Sr. Caamaño que indica que en canto ao saneamento para este partido é un dos principais problemas do noso Concello. O único que podemos dicir son melloras cando xa estivera operativa a EDAR. En canto ao soterramento da liña eléctrica da Rúa da Capela non sei como se atreveu vostede a levar a cabo a Feiriña nesa rúa cos postes da luz a piques de caer a calquera na cabeza. Correu un risco innecesario e cando pase algo será o voceiro do Partido Socialista o demagogo de turno. Cónstame que estivo na Feiriña e cónstame que non ver os postos como están é increíble, así que supoño que os vería. De aí a urxencia do soterramento da liña eléctrica que solicitaba o PP. Engadir que o posicionamento do Partido Socialista con respecto á Rúa da Capela que se desprende do expediente, non pode votar a culpa vostede a ninguén porque no mes de agosto de 2019 cando vostede expuxo as obras da



segunda fase do POS 2019 cando presentou a Humanización da Rúa da Capela, o Partido Socialista de Outes xa lle dixo que estaba metendo a pata. Díxenlle que a obra tiña que ser integral e non a anaquiños, deixar 50 metros de rúa sen humanizar non tiña sentido ningún. Voulle nomear as súas verbas entre comiñas, porque aquel día dixo vostede que “que non chegue ao final da rúa hai unha razón técnica” e vostede deixouno aí, xa que sabe que o último tramo está mellorado. Esas son as súas verbas, nada que ver co que nos está a dicir hoxe, cando lle dixen o da Humanización da Rúa da Capela non era para colgarme unha medalla senón por sentido común. Explicáballe cal era a diferenza por si vostede non se percataba, a diferenza é a seguinte ou ia ser a seguinte: Humanización da Rúa da Capela 136.848 € pagados pola Deputación da Coruña, gastados polo Concello 0€, a ampliación da Humanización da Rúa da Capela 48.328€ pagados pola Deputación 0€ e gastados polo Concello 48.328€, esa é a diferenza que había cando eu lle dixen que acometera a obra ata o final e vostede dixo que había unha razón técnica que atoparan, nada que ver co tema dos cartos que nos está a dicir hoxe.

Toma a palabra o Sr. González que indica que comezando polo punto final e indica que quere lamentar que máis alá das cuestión que se están a comentar, o que podería ser a ampliación e completar a Rúa da Capela non vai a ser porque vostedes din que non e polo que non vai ser a curto prazo e poden adornalo como queiran. Parece que é preferible que esta obra non se acometa. A diferenza, con referencia ao exposto polo voceiro do Partido Socialista, hai unha parte que esta mellorada e nós entendíamos que de priorizar tíñamos que priorizar a primeira parte e queríamos priorizar porque a diferenza é que o paseo de Ponte Nafonso, que foi a única proposta que incluimos naquel Pleno foi arranxado e está substituído con cartos da Deputación. Se daquel fixéramos o que vostede plantexa, que se mal non recordo naquel momento vostedes votaron todos a favor da proposta, non estaría arranxado o citado e é unha cousa que non ensinan en económica dende o primeiro curso, as necesidades son infinitas e os recursos son limitados e hai que escoller. Eu lamento que ao final a proposta enmendada votaremos a favor porque queremos acometer esas actuacións pero lamento moito que agora os veciños da Rúa da Capela teñan que agardar a que a tela completamente e vanllo a explicar vostedes. Tamén paréceme que o saneamento de Ousesende pasou de ser un fochanca a ser aceptable a ampliación do saneamento. Repito a proposta vai como vai e o Sr. González anuncia o voto a favor da mesma.

Toma a palabra a voceira do PP a Sra. Molinos que indica que o Goberno se adique a gobernar a priorizar eses recursos adecuadamente e que deixe de



votalle a culpa á oposición de asuntos que non temos que ver realmente. A ampliación da Rúa da Capela estaba incluída no POS adicional 2019 para non ter que facela cun contrato menor despois e para non ter que abrir a rúa dúas veces e pechar a rúa dúas veces e multiplicar os inconvenientes que van ter os veciños cunhas obras diante da súa casa.

Toma a palabra a voceira do BNG a Sra. Suárez que indica que é moitas veces o Sr. González o que os tilda de demagogia e o que acaba de facer vostede é un exercicio intenso de demagogia. Que parte non entendeu que se vostede presenta unha actuación para rematar o que queda da rúa da Capela. No 2019 xa lle apuntamos que era mellor facer unha actuación completa da rúa e foi vostede o que dixo que non había cartos que había que priorizar, que a zona de arriba xa non facía tanto que se arranxara e que non era urxente, que a urxencia era do tramo que agora mesmo se está rematando. Pero aínda así chega vostede outra vez a este Pleno con outro tramo, non nos trae o que queda da rúa completa, vaillo que ter que explicar vostede aos veciños non nós. Ten que explicarlle que vai a abrir unha rúa tres veces non dúas, que vai cortar unha tres veces non dúas e que van ter que sufrir todas as molestias os comerciantes, os veciños e os usuarios tres veces en vez de dúas porque vostede decide fraccionar en varias obras. Non diga que temos que explicarllo nós e porque non o fai de forma integral. En canto, ao saneamento non hai que mudar o noso posicionamento polo punto que propuxo introducir o PP, nós temos moi claro cal é o noso posicionamento e dimos signos máis dunha vez que é o BNG e quen o apoiou sempre en cando os saneamentos. En canto ao soterramento estaba claro que o cableado tiña que ser algo incluído no primeiro proxecto dende o principio.

Toma a palabra o Sr. Caamaño que indica que o Sr. González dixo que votamos a favor da proposta da segunda fase do POS que se incluía o paseo de Ponte Nafonso, claro que votáramos a favor, porque queríamos que se arranxara o paseo de Ponte Nafonso ao final vostede vai votar a favor desta proposta e non inclúe a Rúa da Capela. Podíamos quedar sen cartos e os cartos xestionamos vostedes e voulle lembrar cal é a obra máis cara que leva feita ata agora Senda peonil para a seguridade vial do cruce da praia de Broña a entrada de Tavilo 171.774,95€ ao mellor se non gastara tanto aí podería levalos para outro lado. Vostede xestiona pero dentro das limitacións que esta Corporación lle vai permitir, agora e máis adiante.

Toma a palabra o Sr. González que indica que en primeiro lugar vai facer unha puntualización á voceira do BNG que pensa que non ten claro en que consiste o proxecto de Ousesende e Quintela porque a EDAR xa estaba incluída é un





permiso sectorial de Augas de Galicia e é o que estamos agardando. Polo demais reitero que como di o Partido Socialista os cartos se administran e son limitados e cando falamos naquel momento do POS había unhas prioridades, nós aquí traíamos unha proposta de completar a humanización da Rúa da Capela o que vostedes entendían que era un problema que se fixera por fases, traemos a proposta e vostedes vótana abaixo é tan fácil como iso.

Polo audio da gravación non se captan e polo tanto non se transcriben as verbas entre o Sr. Alcalde e o Sr. Caamaño que remata coa primeira chamada ao orde por parte do Sr. Alcalde ao Sr. Caamaño. Proseguen e indica o Sr. González se o vai ter que chamar unha segunda vez á orde e se quere marchar ao que o Sr. Caamaño responde que o van ter que sacar os municipais.

O Sr. Alcalde chama á orde por segunda vez e dille que abandone o Pleno. A Secretaria indícalle que o segundo chamamento é con apercibimento de expulsión e que só na terceira chamada vai acompañada da expulsión do Pleno da Corporación, de conformidade coa lexislación vixente.

### **VOTACIÓN**

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 5 votos a favor

PP: 5 abstencións

BNG: 2 votos a favor

GRUPO MIXTO-PSOE: 1 abstención

### **ACORDO**

“Incoado expediente de modificación de créditos nº 5/2021 consistente en Crédito Extraordinario financiado con Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais (RLT), mediante Providencia desta Alcaldía que obra no expediente.

Vista a xustificación da mesma na Memoria adxunta, así como os informes de Intervención adxuntos ao expediente.

Visto que se emitiu informe de Intervención polo que se informou *favorablemente* a proposta de Alcaldía e elaborouse Informe de Avaliación do Obxectivo de Estabilidade Orzamentaria.



Examinada a documentación incorporada ao expediente, de conformidade co disposto no artigo 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, en concordancia cos artigos 35 ao 38 do Real Decreto 500/1990.

En base a todo o anteriormente exposto, e ao artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, o Pleno da Corporación Municipal ACORDA, a adopción do seguinte,

### ACORDO

**PRIMEIRO.** Aprobar a modificación de crédito nº 5/2021, de acordo ao seguinte detalle:

#### Altas en Aplicacións de Gastos

Aplicación		Descrición	Créditos iniciais + modificació ns anteriores	Crédito extraordina rio	Créditos finais
<b>Progr.</b>	<b>Económica</b>				
160	60900	Saneamento. Investimento novo en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral	170.405,85	48.400,00	218.805,85
165	63300	Iluminación pública. Maquinaria, instalacións técnicas e utilaxe	944.487,23	46.856,78	991.344,01



		<b>TOTAL</b>		<b>95.256,78</b>	
--	--	--------------	--	------------------	--

### Altas en Conceptos de Ingresos

Aplicación: económica			Descripción	Euros
Cap.	Art.	Conc.		
8	87	87000	Remanente líquido de tesouraría para gastos xerais	95.256,78
			<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>95.256,78</b>

**SEGUNDO.** Expór o acordo ao público mediante anuncio inserido no *Boletín Oficial da Provincia*, durante o prazo de quince días hábiles, aos efectos de que os interesados podan examinalo e presentar as reclamacións que estimen ante o Pleno da Corporación. Caso de non presentarse reclamacións durante o citado prazo, o expediente considerarase definitivamente aprobado. En caso contrario, o Pleno da Corporación disporá dun prazo dun mes para resolvelas.”

## B) ACTIVIDADE DE CONTROL

## C) ROGOS E PREGUNTAS

### - PREGUNTAS

#### • Do PP:

**1ª PREGUNTA.** Varios veciños de diversas ubicacións do núcleo da Serra achegáronnos as súas queixas, e sobre todo a súa preocupación, porque ultimamente están a observar que na súa contorna hai unha grande proliferación de ratas.

1.- ¿Está o Goberno Municipal seguindo algún Plan para eliminación deste problema?

2.- De ser así ¿En que consiste dito Plan e con que frecuencia se executa?



Responde o Sra. Quintela que o plan desratización continua sendo o que se viña facendo de atrás e a desratización realízase de xeito bimensual.

Toma a palabra a Sra. Molinos para indicar que o mellor era convite incrementar a periodicidade porque hai un aumento notorio desta plaga en varios sitios.

### **PREGUNTAS ORAIS:**

- **Do PP:**

**PREGUNTA 1.** No Pleno do mes pasado fixémoslle un rogo referente ao estado no que se atopaban moitos contedores do Concello desbordados e coa súa contorna moi sucia. Situación que ademais de ser observada por nós tamén nola trasladaron veciños de distintos núcleos do Concello. Como vemos que a situación non mellorou e o problema persiste facémoslle as seguintes preguntas:

- Adoptaron algunhas medidas correctoras para solventar o problema? En caso de ser así, cales foron esas medidas que adoptaron para un tema importante de salubridade cidadán?

**PREGUNTA 2.** Segundo o Decreto de Alcaldía do día 17 deste mes celebrouse un contrato menor cunha empresa subministradora de valados para os contedores de lixo para instalar en cinco lugares do Concello polo valor aproximado de 11.200€. O que queremos saber é, en que lugares van a ser instalados eses valados? E queríamos aproveitar para dicirlles que sería convinte que no caso de ser necesario pidan os preceptivos permisos para colocalos para que non lles pase como lles pasou en Ponte Nafonso, que os colocaron sen permiso e posteriormente tiveron que ser retirados.

- **Do Partido Socialista:**

**PREGUNTA 1.** No Pleno do mes novembro do ano 2019 este grupo sacou unha moción adiante para un Concello cardioprotexido apoiada por todos vostedes. Na segunda parte do acordo dicía “ofrecer a formación necesaria a tódolos traballadores dos centros para que poidan usar estes desfibriladores en caso de emerxencia”. Agradecemos que seis meses máis tarde cumpriran o de mercar os aparellos pero imos para dous anos despois que aínda non levaron a cabo a segunda parte da moción. Pensan deixala correr, a ver se non pasa nada? Ou pensan facer algo ao respecto?



**PREGUNTA 2.** Os meus parabéns polo recoñecemento feito recentemente aos distintos campións e campionas que xa temos no Concello, magoa non poder asistir por motivos persoais e agradezo ao concelleiro de Deportes habelo mencionado. Que pouco custaba e non vexan vostedes a ilusión deses rapaces e rapazas polo só feito de ser agasaiados polo Concello. Non é hora de medallas aínda para vostedes, xa que, a moción feita polos socialistas de Outes ademais do recoñecemento público dicía crear unhas becas/premios para estes campións cunha contía por determinar polos membros desta corporación para que lle axuden, aínda que sexa só un pouco, nos desprazamentos e gastos que implican acceder a estes campionatos. Pensan vostedes deixalo correr? Ou pensan poñerse de acordo co resto da Corporación e levar a cabo esta parte da moción?

## **7. ROGOS.**

### **- Do PP:**

**ROGO 1.** No núcleo de Cando de Arriba, preto da casa nº 51 de madeira que hai no alto, hai dous depósitos de augas veciñais aos que nestes momentos é imposible acceder, xa que o camiño que leva a eles está totalmente invadido pola maleza, así como tamén o está o camiño que vai hacia abaixo, máis ou menos por diante da antiga escola. Rogámoslle que tomen as medidas necesarias para limpar estes camiños e que se poida usar con normalidade tratándose sobre todo dunha infraestrutura necesaria para a veciñanza.

**ROGO 2.** Tamén no núcleo de Cando hai unha fonte, a fonte da Seara, que ten os condutos de auga moi atascados pola maleza e non sae auga polo regueiro. Rogámoslle que lle dean solución a este tema.

**ROGO 3.** Observamos que no pavillón polideportivo do Cruceiro de Roo, na contorna, hai un estado falta de limpeza moi importante, acumúlanse restos de poda, desbroces e entre outros desperdicios incluso están os restos dos xogos do parque infantil que vostedes desmontaron e deixaron no mesmo sitio. Pedímoslle que fagan o preciso para sanear ese espazo e que non de esa sensación de abandono que da na actualidade a contorna do polideportivo.

**ROGO 4.** Na costa da pista das tubarias, que está baixando de Cando hacia Ponte da corda, hai un pozo de rexistro cunha tapa de fundición e ao redor do pozo formouse un gran fochanca que provoca un considerable perigo para os vehículos que circulan por esa pista. Rogámoslle que arranxen esa situación.



**ROGO 5.** Xa lle dixemos noutra ocasión, supoñemos que é un esquecemento pola súa parte, que as actas escritas dos plenos seguen sen estar colgadas na web do Concello. Rogamos que solucionen ese asunto porque é moi útil para repasar os plenos máis que os vídeos.

**ROGO 6.** Quixera dicir que lamento moitísimo ter que facer este rogo pleno a pleno dende hai nove meses, estamos a falar do vial que vai de Entíns a Fontenlos. Vémonos na obriga de facelo porque o seu goberno non foi quen en todo este tempo de darlle solución ao problema porque supoñemos que a súa inacción ao respecto non se deberá a que pensan que co lamentable estado no que se atopan este camiño é o que merecen os veciños e os usuarios. Rogámoslle por novena vez consecutiva que teñan ben darlle cumprimento á moción presentada polo PP e aprobada, xa vai facer un ano foi aprobada no Pleno do mes de novembro do ano pasado, á cal vostedes votaron a favor, e que procedan á limpeza inmediata das veiras da mesma, tal e como figuraba no acordo adoptado.

- **Do BNG:**

**Propostas para a Serra:**

-Son varios os veciños que se queixaron da falta de presión na rúa da Capela. Rogamos que fagan os estudos pertinentes e solucionen este problema.

-Na rúa da Capela tamén hai deficiencias na iluminación nocturna pois hai tramos nos que é totalmente inexistente. Rogamos que instalen as luminarias necesarias para solucionalo.

-A veciñanza da rúa do Poeta Añón leva anos demandando unha mellora na seguridade viaria xa que non son poucas as veces nas que o tráfico rodado transita a maior velocidade da debida. Rogamos que o goberno faga as xestións precisas para calmar o tráfico coa instalación de lombos e sinais luminosas.

-O lavadoiro da Serra de Arriba, na rúa do Poeta Añón, atópase nun estado de abandono total. É preciso que se actúe con urxencia para limpalo, aseguralo e mudar o teito de uralita. Rogamos que actúen para preservar o noso patrimonio.

-Na rúa Rosalía, xusto na parte sen urbanizar, non existe ningunha luminaria. Rogamos que actúen.



-Levamos agardando dous anos a que arranxen os desperfectos nos diferentes paseos do noso concello. O paseo da Serra non é excepción e segue precisando estas actuacións urxentemente. Xusto neste último ano as dúas pontes de madeira de pequenas dimensións que hai onda os muíños sufriron un forte deterioro e o resto de pontes sobre o río Tines xa precisan tamén de mantemento. Rogamos que fagan o posíbel por axilizar os trámites para proceder co arranxo do paseo, que realicen os estudos necesarios para o mantemento das pontes peonís sobre o río Tines e a substitución das pontes dos muíños por unhas que garantan a accesibilidade cunha cadeira de rodas e que acondicionen, como é debido, unha zona de baño fluvial como xa lle dixemos en repetidas ocasións

-O goberno galego leva anos sen executar a tan prometida 2ª fase da travesía da Serra, é dicir, o arranxo da avd. de Fisterra. Nós xa o temos demandado por outras vías mais tamén aproveitamos esta ocasión para rogarlle ao goberno local que presione para que a Xunta cumpra e actúe sobre esta vía.

-Xa vai ano e medio dende que presentamos unha iniciativa para recuperar a praza do concello para uso veciñal e recuperar un espazo que agora se atopa invadido polos coches. Sabemos que contan con esbozos mais, en todo este tempo e mentres non se actúe sobre a mesma, deberíase ter prohibido o aparcadoiro. Rogamos que actúen para cumprir a nosa moción.

-É notorio e inadmisíbel o abandono por parte do goberno local para o mantemento e limpeza das vías da Serra. Entre outras destacan o estado lamentábel no que se atopaba, ate hai pouco, a rúa do Agro das Mozas na que, directamente, non se podía transitar polas beirarrúas. Rogamos que reforcen o servizo de limpeza e cumpran coas súas competencias nesta materia.

-Rogamos que o goberno faga un estudo para eliminar o estanque abandonado de Vista Alegre polo perigo hixiénico que supón para a veciñanza.

-A actuación que se fixo para arranxar a traída da auga na rúa da Avd. De San Pedro era moi necesaria pero deixaron unha chapuza no seu remate. Non é de recibo que se procedera co perforado da beirarrúa e se tapara directamente con cemento en troques de repoñer as lousas que se retiraron. Non se decataron de que coa inclinación e a choiva este tipo de rematado pode supoñer un grave perigo para os viandantes? Rogamos que actúen para arranxar esta chapuza e deixen a beirarrúa nun estado aceptábel.



-Os veciños da Avd. De San Campio levan demasiados anos agardando a que se proceda co arranxo comprometido. Durante todo este tempo no que se demorou a obra esta vía sufriu un abandono total tanto polo goberno anterior como polo actual. Rogamos que, canda menos, o concello faga labores de limpeza mínimas nesta e de seguridade viaria que non teñen porque supoñer un investimento caduco.

-Fai uns anos arranxouse un lado da avd. Do Rocío e o outro segue agardando. Rogamos que fagan xestións coa Xunta para executar a mellora deste vial.

-Rogamos que o goberno faga os estudos necesarios para o mantemento e mellora na traída de auga municipal (Tubaxes antigas [amianto] e captación).

-Volvéronnos chegar queixas do estado no que se atopa a estrada de Cures. Rogamos que actúen para solucionar as deficiencias.

-O parque da Moa segue a medio dismantelar dende que se aprobou a moción para solucionar os problemas de seguridade dos parques infantís do noso concello. Rogamos que procedan para dismantelar e limpar o parque e estude a posibilidade de dotalo de novos aparatos para todos os veciños dos lugares lindeiros.

-Rogamos que presionen á Xunta para aumentar a seguridade nas inmediacións da ponte de Seilán dado o incremento de viandantes co peche da Ponte Nafonso.

- **Do Partido Socialista:**

ROGO 1. Creo que acabarán vostedes antes conmigo que eu cos rogos. O espello do cruce de Entíns segue igual, sen poñer, o acceso do camiño de Broña con carril bicis é bonito, estupendo e fomenomenal pero o aparcadoiro das bicicletas que parecía que vostedes tiñan interese en poñer por os nosos veciños e veciñas creo que quedará para o seguinte verán. Rógolles encarecidamente que escoiten e actuen.

<b>C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES</b>

*Remata a sesión ás 22:05 horas do que, como Secretaria, dou fe.*

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**





A grabación do Pleno é consultable no seguinte enlace:  
<https://www.youtube.com/watch?v=AYqYCpCzQO8>



Cod. Validación: 5M9EQ7WMSQXMAES4HCSRSYZ | Corrección: <https://outes.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 17 a 17